

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colegiado:</b>
PLN/2022/8	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urxente
<b>Data</b>	17 de MARZO de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 12:00 ata 12:15 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	NON
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	NON
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	NON
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	NON
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	NON



## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Pronunciamento ao Pleno da urxencia.

#### Favorable

#### Tipo de votación

A urxencia da convocatoria vén determinada pola esixencia dos prazos para a tramitación dun convenio de colaboración para o cofinanciamento da ampliación e renovación do céspede artificial no campo municipal de fútbol de O Conchido coa Deputación da Coruña, xa que, é preciso que o acordo plenario estea a disposición da citada administración con data 17.03.2023.

En cando á proposta concreta, debemos indicar que o campo de fútbol municipal de O Conchido funciona como escola deportiva municipal de fútbol e na que se desenvolven campionatos deportivos a nivel comarcal o que se traduce nun uso intensivo das instalacións e fai necesaria a renovación do céspede da mesma. O importe do proxecto para a “Ampliación e renovación do céspede artificial do Campo de Fútbol de O Conchido” é de 276.087,29 € dos cales solicítase á Deputación un importe a financiar de 140.000,00 € e o Concello de Outes aportaría 136.087,29 €.

### DEBATE

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que tendo en conta que a memoria está asinada en xaneiro de 2023 do estudio técnico que desenvolve dito proxecto e como acaba de expoñer, non entendemos como se pode forzar un pleno extraordinario. Nós non cremos que a Deputación onte teña a ben dicirle que o prazo acababa hoxe ás doce da noite. Independentemente obviamente son unhas reformas necesarias pero é un sistema que a vostede lle funcionou que é forzar plenos extraordinarios con 24 horas antes para aprobar algo que unha vez máis só nos deixa opción aos grupos da oposición de decidir ante a nosa responsabilidade política de cara aos veciños.

Seguimos sen crer na urxencia deste pleno e tamén chámamos a atención que non teñamos acceso á documentación e porque razón se pide o 50% da contía a subvencionar por parte da deputación e non se pode pedir o 70% ou o 80% ou o que se estimase oportuno.



Toma a palabra o Sr. González matiza que non é un convenio regrado, nós non temos ningunha ganancia de que sexa un pleno extraordinario urxente. A deputación ao longo desta semana estivo dándonos unha serie de información e apremounos ata o punto de que hoxe tiñamos que ter o acordo. Nós non teríamos problema en que se debatida con máis tempo.

#### VOTACIÓN

CO: 5 votos a favorables

BNG: 1 abstención

## 2. Expediente 34/2023 - Subvención solicitadas a outra administración

**Favorable**

**Tipo de votación**

### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González que indica que o presente é o inicio do expediente para un convenio coa Deputación co obxecto de renovar e ampliar o céspede do campo de fútbol municipal do Conchido. É un convenio extraordinario, ao que se chega pola necesidade existente dende fai tempo de que é necesario acometer esta obra e o que sucede é que a maiores que falando coa directiva e membros se nos indican que tratemos de ampliar o campo para que sexa máis acorde ás medidas regulamentarias que se exixen dende a Federación. Son convenios aos que nos acolleemos despois de moito tempo en conversas coa Deputación a quen lle agradecemos e iniciamos este expediente. Agora o que ten que facer a deputación é crear o crédito para dotarnos de recursos para este convenio e nos vindeiros meses asinaremos ese convenio e a contía vai acorde co que a Deputación nos pode subvencionar. Existe o compromiso pola nosa parte da achega que se indica pero imos a empezar a traballar en que tamén outras administracións acheguen parte desa parte do Concello. Estamos traballando coa idea de non ter que achegar todo.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que aínda que se trate dun convenio extraordinario o que acaba de dicir por parte da deputación onde eles marcan a normativa a seguir polo Concello de Outes con relación ás datas e ademais as obras e o porcentaxe da contía. Cando menos é sorprendente todo isto, cremos que cun proceso máis negociado podían terse melloras en todos os aspectos. O que nos preocupa é que nese campo de fútbol levan numerosas inversión e segue



habendo máis e estaría ben que dunha vez por todas conseguíramos dar aos veciños os servizos que precisan e este grupo xa trasladou que era preciso que estiveran abertas os fin de semanas para os usuarios e sexa desexable que se instalaran pistas de atletismo e xa que se acomete unha obra deste calibre estaría ben acometer todo isto. A apertura do expediente nos non imos a votar en contra dunhas instalacións que benefician aos veciños de Outes.

O Sr. Alcalde manifesta a súa satisfacción coa mesma e que sexa con unha das infraestruturas máis utilizadas do noso Concello.

### **ACORDO**

O Concello de Outes ten unha serie de infraestruturas deportivas, sendo unha dérase e campo de fútbol con céspede artificial. En ditas instalacións está a funcionar a escola deportiva municipal de fútbol coas categorías de benxamíns, infantís, cadetes e xuvenís, constando en torno a 100 usuarios en total e no horario de 16 a 21 horas de luns a venres. A mais, tamén se desenvolven campionatos deportivos a nivel comarcal en ditas instalacións. Este uso intensivo é o que fai necesario unha renovación do céspede do antedito campo.

Con data 28 de febreiro de 2023, solicitouse á Deputación da Coruña a tramitación dun convenio de colaboración para o cofinanciamento da renovación do céspede artificial da antedita instalación deportiva.

Considerando, tal e como figura na memoria desta Alcaldía que obra no expediente, xustificada a participación da Deputación da Coruña no financiamento do investimento previsto polos motivos sinalados: interese provincial no fomento das infraestruturas e actividades deportivas, imposibilidade por parte do Concello de Outes da acometer o financiamento con fondos propios, a inoportunidade de incluír o antedito investimento no Plan de Obras e Servizos (POS) e, aínda de querer facelo, o prazo de solicitude de participación no mesmo rematou o pasado 14 de febreiro.

Polo exposto, o Pleno da Corporación **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar o interese público provincial para a participación no financiamento dos investimentos previstos mediante a concesión dunha subvención nominativa e a formalización do correspondente convenio interadministrativo de colaboración.



**SEGUNDO.-** Solicitar a Deputación da Coruña un subvención nominativa polo importe de 140.000,00 Euros, para a execución do proxecto denominado: “AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE O CONCHIDO” que ascende a 276.087,29 €, cos seguintes coeficientes de financiamento:

<b>Entes financiadores</b>	<b>Importe a financiar</b>	<b>Coefficiente de financiación</b>
Deputación Provincial	140.000,00 €	0,507
Concello de Outes	136.087,29 €	0,493

**TERCEIRO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

BNG: 1 voto a favor

*Remata a sesión ás 21:15 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

